

PLAN DE

VOLUNTARIADO



Asociación de Nenas, Nenos e
Xente Nova con Diabetes de Galicia

CONTIDO

DESCRINCIÓN	3	
XUSTIFICACIÓN		4
QUEN SOMOS?		4
VOLUNTARIOS		7
TIPOS DE VOLUNTARIADO		10
COMO FACELO?		11

DESCRIPCIÓN

Este documento intenta recoller as actuación en materia de voluntariado da nosa entidade. Reflectiremos as intencións e finalidades que con este proxecto pretendemos a nivel social e rexional.

Aneida atópase inscrita no rexistro de acción voluntaria de Galicia.





XUSTIFICACIÓN

ANEDIA xorde pola necesidade de facer visible e sensibilizar á sociedade en xeral sobre a problemática que xera a Diabetes Tipo I en nenos e mozos no seu día a día, nas carencias que se poñen de forma manifesta a nivel familiar, médico, educativo, social e psicolóxico. Preténdense buscar e dar respostas de calidade a estas problemáticas para facilitar o día destas persoas baixo os principios de igualdade de oportunidades, compensación de desigualdades, equidade e non discriminación.

QUEN SOMOS?

Somos familias de toda Galicia que convivimos coa diabetes tipo1 e sabemos todo o que iso significa. Somos nais e pais que vivimos un debut diabético e de repente voltamos a casa despois do ingreso hospitalario e as dúbidas de todo tipo nos asaltan. Que temos que darlle de comer, contar carbohidratos, resolver hipoglicemias e hiperglicemias, calcular ratios, tempos de actuacións das insulinas, sensores de glicosa, capilares, bombas... Un novo idioma que se instala nas nosas vidas.

Somos xente nova que comezamos a levar o control da nosa diabetes, e que temos os nosos propios temores os que temos que sumarlle os dos nosos pais e nais, pero temos que asumir o noso autocontrol e vivir as nosas vidas, saír cos amigos, facer deporte, ir de excursión, durmir na casa dos nosos amigos, estudar fora, viaxar...

Pero tamén somos adultos que acabamos de debutar e nos asaltan moitos temores e dúbidas que non sabemos como resolver e non nos

chega ca axuda profesional. Ou somos adultos que debutamos fai moitos anos e sabemos de primeira man todo o que

cambiou o mundo da diabetes e queremos saber máis e axudar se é posible os recen chegados.

Somos persoas que temos alguén achegado ou querido con diabetes, queremos entender un pouco máis o que significa a diabetes tipo1 e como podemos axudar no día a día. Tíos e tías, avós, madriñas, amigos, veciños, profesionais da saúde e da educación...



VOLUNTARIOS

ANEDIA conta con moi pouco persoal propio e apoiase na labor do voluntarios e voluntarias que axudan de moitos xeitos distintos.

Os obxectivos que persegue concéntranse nas actuacións de colaboración en proxectos sociais e con diferentes administracións de ente provincial e autonómico.

Fundamentalmente estes obxectivos son:

- Acompañar a familias tras os debuts diabéticos sobre coidados básicos, contaxede hidratos de carbono, nocións básicas de nutrición, documentación a presentar nos centros educativos, nos campamentos....
- Informar sobre os dispositivos de monitoraxe existentes coas súas vantaxes e inconvenientes baseándose no coñecemento e a experiencia.
- Asesorar ao persoal de centros educativos que teñen alumnado diabético escolarizado en canto ás nocións de nutrición, aspectos a ter en conta en caso de saídas extraescolares, actividade deportiva, exames, documentación, almacenaxe da medicación...
- Realizar talleres prácticos de coidados e coñecementos básicos

sobre a Diabetes Mellitus Tipo I para familias, pacientes menores, docentes, AMPAS, Clubs deportivos, comedores escolares e público interesado en xeral.

- Realizar sesións de conta contos específicas en centros educativos (Contos azuis)
- Realizar xornadas culturais, de lecer e convivencia para familias con nenos e adolescentes diabéticos para que pais e pacientes intercambien pareceres, medos, intereses
- Realizar xornadas específicas de lecer e deporte para adolescentes con diabetes.
- Fomentar intercambios con adolescentes diabéticos con outros países para contrastar servizos sanitarios e protocolos en diabetes en idades infanto-xuvenís
- Colaborar coa Consellería de Sanidade asistindo e levando a cabo cursos e xornadas
- Colaborar coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional na impartición de charlas formativas sobre inclusión educativa por parte de socios con formación específica de ANEDIA dirixidas a equipos directivos de centros educativos, departamentos de orientación e profesorado.
- Colaboracións con Deputacións e Concellos das distintas provincias de Galicia (Milla, carreiras, mesas polo día mundial,

iluminación de fachadas destes organismos, colocación de mesas informativas...)

- Difusión a través de medios de comunicación como prensa, radio e televisión para facer visible a problemática desta enfermidade en nenos e novos e sensibilizar e informar á sociedade en xeral.
- Difusión de información a través das redes sociais.
- Difundir en ambulatorios, hospitais e centros educativos material gráfico impreso adecuado aos pacientes diabéticos máis novos (cartelería, vídeos)



TIPOS DE VOLUNTARIADO

As áreas nas que podemos colaborar desde o perfil de voluntarios son:

- Como monitores e animadores en actividades educativas, culturais, deportivas, de lecer e tempo libre, campamentos, xornadas de convivencia, talleres
- Colaboracións con médicos, enfermeiras/vos, nutricionistas , psicólogos e educadores diabetolóxicos para a realización de talleres, cursos, xornadas...
- Asesoramento e apoio a pacientes, familias e centros educativos
- Buscando financiamento realizando colaboracións, buscando patrocinadores, subvencións.
- Colaborando na redacción e/ou posta en marcha de proxectos.
- Participando en mesas informativas.
- Colaborando en eventos deportivos.
- Colaborando no mantemento das redes sociais.
- Difusión e comunicación dixital colaborando na elaboración de contidos para a páxina web
- Creando material audiovisual co obxectivo de difundir a asociación.

COMO FACELO?

As persoas que desexen ser voluntarias poderán inscribirse mediante a páxina web, cubrindo o formulario de voluntariado.

Terán que aportar un certificado de non ter delitos sexuais se van a estar en contacto con menores.

Poderán escoller a fórmula de voluntariado que desexen.

Recibirán unha formación previa ás actividades e asinaran un formulario de cesión de datos e imaxe para difusión das actividades nas que participe como voluntario.

Unha vez rematadas as tarefas recibirán, se o desexan, un certificado de colaboración como voluntario con ANEDIA.

Do mesmo xeito poderase establecer convenio con entidades como centros educativos, asociacións e entidades deportivas para a colaboración como voluntarios.

As colaboracións serán sen remuneración económica, pero ANEDIA poderase facer cargo das dietas e transporte de ser precisas para o desenrolo das actividades de voluntariado.